XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Conservación da Natureza

galicia

15/12/11
RGB/RMF

# NOTA INTERIOR

---

**DE: Dirección Xeral de Conservación da Natureza**

**A: Subdirección Xeral de Apoio Xurídico**

---

Remítese memorias asinadas polo Director Xeral de Conservación da Natureza para á tramitación da Lei de Caza.

XUNTA DE GALICIA * CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL * DIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SUBDIRECCIÓN XERAL DE APOIO XURÍDICO
16 DEC. 2011
ENTRADA
SAÍDA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
http://mediorural.xunta.es

# A nova lei de caza de Galicia. Principais consideracións e novidades que presenta

## 1. De carácter conceptual.

As razóns que xustificaron no seu día a aprobación dunha lei de caza para esta autonomía, apoiábanse en tres principios básicos: O axeitado dimensionamento dos terreos de caza, a ordenación técnica dos aproveitamentos cinexéticos e a vixilancia destes para loitar contra o furtivismo.
Na actualidade xa se completou o mapa dos tecores de Galicia e xa se acolleu a ordenación cinexética como unha práctica necesaria e habitual. Pola súa parte, a vixilancia e o control da caza prefírese atendela con criterios menos ríxidos e custosos. Esta segunda lei de caza apunta cara a horizontes de maior entidade ecolóxica, económica e social, en harmonía cos novos requirimentos que formula a realidade presente.
Conta esta lei seis títulos, 91 artigos, catro disposicións adicionais, tres transitorias, unha derrogatoria e dous finais. É unha lei mais extensa que a lei 4/97, que só contaba con 71 artigos, conta cunha estrutura mais axeitada (1), unha técnica lexislativa mais correcta e ofrece unha visión mais completa e axustada á realidade da caza galega. É necesaria esta lei porque a anterior encorsetaba moitas aspiracións e saídas ás necesidades que se formulan na práctica cinexética galega (2). A lei 4/97 envelleceu dun modo acelerado e vese evidentemente impotente, para atender os requirimentos actuais da caza. A caza ha de considerarse como un instrumento de primeira orde para o desenvolvemento rural de Galicia e como un elemento imprescindible para a xestión das poboacións silvestres, que ten un profundo carácter social e ambiental. Faise especial fincapé nesta lei na práctica dunha caza máis sostible, máis ética e máis responsable, na que por enriba doutros valores, prime o da seguridade das persoas e dos seus bens e o respecto á conservación das especies e dos seus hábitats.

(1) La nova estrutura agrupa os distintos factores dun xeito máis integrado por razón da materia. Principios xerais; Territorio; Ordenación; Exercicio da caza e Réxime Sancionador. A actual lei non fala do cazador, elemento fundamental dela, só das esixencias que se lle fan para que poida cazar. Separa as especies da conservación e aproveitamento da caza. Dedica un título ás granxas cinexéticas, que nesta lei nin se atenden por entendelas como o que son: explotacións agrogandeiras. Outro título dedícase ao réxime fiscal, que obviamente non pode recollerse nunha lei sectorial.....

(2) A xestión, duración e dimensionamento dos vedados, que resultan imprescindibles, para que sirvan ao obxectivo de protección para o que se crearon. A regulación dos cercados tanto os que se destinan á caza coma os que teñen como obxectivo a incorporación de exemplares novos para a súa posterior liberación. A facultade de exclusión para garantir o pacífico exercicio do dereito de propiedade dos que non queren incluír os seus terreos no ámbito dun tecor. A prórroga automática das cesións dos dereitos cinexéticos se non hai oposición por titulares orixinarios...

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
http://mediorural.xunta.es

Esta lei redáctase tamén co designio de harmonizar a normativa galega coa das demais autonomías españolas, co propósito de homoxenizar na medida do posible a regulación da caza en todo o territorio nacional.

2. Principais novidades e consideracións

**Título I. Disposicións Xerais**

No seu Título I recolle unha definición da acción de cazar enunciada en dobre sentido, significando o que se entende por caza e o que non ha de ser considerado como tal, clarificando dun xeito mais eficaz o concepto e evitando dese modo problemas que xurdiran na interpretación desta.

Na propia definición inclúense as accións que constitúen a acción cinexética, compatible co equilibrio do medio natural e cos varios intereses que nela teñen incumbencia.

**Título II. Clasificación dos terreos**

Respectando as liñas mestras da gran transformación do espazo cinexético galego operado pola lei 4/97, realizáronse modificacións importantes. Faise unha clasificación dos terreos distinguindo os que son cinexéticos e os que non o son, ao tempo que se definen uns e outros.

Dentro dos espazos non cinexéticos, decláranse e definen os que non teñen calidade cinexética, entre os que se fai figurar, como novidade aos refuxios de fauna e déixase aberta a posibilidade de declarar regulamentariamente novos espazos xa sexa para a protección das persoas e dos seus bens ou por razóns de interese xeral.

Os terreos cinexéticos defínense e clasifican separando os que se someten a réxime cinexético común dos que o fan ao réxime cinexético especial. Entre os primeiros, créanse dúas novas figuras, as zonas libres e as zonas de exclusión.

Entre os terreos sometidos a réxime cinexético especial, mantense a clasificación actual, se ben se completa a súa regulación e se melloran diversos aspectos relativos á renovación da cesión dos dereitos cinexéticos, que se prorrogan de modo automático se non existe oposición expresa dos seus titulares orixinarios. Modifícase a vixencia dos plans de ordenación, evitando dese modo os problemas que xeraba a renovación quinquenal de todos eles (4).

(4) O período de vixencia de todos os plans de ordenación é na actualidade de 5 anos, sen facer distinción das características propias de cada un dos tecores, que poden manter a vixencia da súa ordenación durante mais tempo se as circunstancias do tecor non se modificaron, evitando gastos estériles e colapsando a Administración que ha de validalos todos eles nun período de tempo coincidente. E do mesmo modo, se recoñece o dereito a solicitar a autorización de novos plans de ordenación ou de aproveitamento antes da expiración do que está vixente ao mediar circunstancias que no sentir dos responsables do tecor, os fan necesario.

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
http://mediorural.xunta.es

Inclúese, como novidade un dereito dos titulares dos terreos que non cedesen o aproveitamento cinexético destes, a facultade de exclusión para facela valer ante calquera.

Os vedados de caza, defínense con claridade, axústanse na súa extensión ás necesidades de protección de cada un dos tecores e autorízase a xestión cinexética destes, para servir aos obxectivos para os que os crea a lei.

Especial empeño pon a lei na regulación das explotacións cinexéticas comerciais, que xa aparecen totalmente separadas das granxas cinexéticas, que contemplaba a lei 4/97. Contémplallelas como un instrumento de primeira orde para a rendibilización dos espazos cinexéticos, asegurando os valores naturais do seu ámbito e evitando a súa utilización, en fraude de lei, como espazos particulares de caza, obviando os requirimentos que a lei fai aos tecores.

Defínense e regulan os cercados facendo distinción entre os que teñen carácter cinexético dos de aclimatación, que se orientan cara ao repoboación.

Regúlase dun modo mais amplo o exercicio da caza nas zonas de seguridade e regúlanse particularmente as zonas de adestramento de cans e as zonas de caza permanente.

## Título III. A ordenación e aproveitamento cinexéticos

Mellórase o tratamento dos plans de ordenación e de xestión cinexéticos para conseguir mais calidade e precisión destes, imponse a obriga da achega dos datos de seguimento e recóllese e definen a tempada anual e a xornada hábil de caza, como elementos imprescindibles para a regulación da caza.

## Título IV. O exercicio da caza

Defínese, como novidade, ao cazador, elemento fundamental da arte venatorio e sinálanselle os requisitos que ha de cumprir para que se lle autorice a cazar. Establécense os seus deberes e a responsabilidade individual que asume.

Regúlanse as condicións necesarias para a obtención da licenza de caza, a súa vixencia e clases, así como a relación das persoas inhabilitadas para obtela e as condicións nas que pode acordarse a suspensión ou a retirada da mesma.
Capítulo moi especial constitúeo o que se refire á responsabilidade patrimonial polos danos que causen as especies cinexéticas, por ser o principal motivo de preocupación dos cazadores galegos. Esta materia, que se insire entre as que a Constitución Española reserva a competencia estatal, ten un particular incidencia en materia de caza, por mor da reforma legal operada a través do artigo 35 da lei 1/70 do 4 de abril, de caza do Estado, que muda o modelo de atribución da responsabilidade civil polos danos causados polas especies silvestres na nosa dereito histórico e que polo seu carácter de lexislación básica, desprega a súa eficacia en todo o ámbito territorial de España.

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
http://mediorural.xunta.es

Promoveuse dende esta Autonomía a modificación legal daquel precepto e froito desa iniciativa, estase a tramitar unha modificación parcial deste.

A grande achega desta lei nesta materia, é a constitución dun Fondo de Corresponsabilidade para contribuír á preservación e á compensación dos danos que causen os animais de caza ás explotacións agrarias.

O exercicio dunha caza responsable e segura constitúese como unha das principais preocupacións do lexislador e de ser unha simple recomendación aos cazadores, pasa a converterse nunha esixencia da propia lei, que cualifica como infraccións algunhas conductas imprudentes e lles sinala as correspondentes sancións.

Acóllese finalmente neste primeiro capítulo, o uso e a tenza dos cans. O capítulo segundo ocúpase doutro dos temas fundamentais para a caza, cual é o das armas, das municións e dos dispositivos auxiliares, aos que se engaden outros instrumentos, medios e procedementos de caza prohibidos, que se obviaron, na lei 4/97.

No capítulo terceiro deste longo título, establécense medidas para a protección e a conservación das especies de caza

No capítulo cuarto, relaciónanse e definen as modalidades de caza, ás que se incorpora unha nova modalidade, a caza en tobo. Tráese á lei unha relación das modalidades admitidas e defíneselles de xeito individualizado.

O capítulo quinto encomenda a vixilancia e coidado da caza aos axentes facultativos ambientais, aos que confire a condición de axentes da autoridade. Pola súa parte, e esta é unha importante novidade, a vixilancia privada deixa de ser obrigatoria para converterse en voluntaria. Corríxese unha novidade da actual lei de caza, que lle confire aos gardas de campo de caza (unha figura que non se chegou a desenvolver) a condición de axentes da autoridade, calidade esta que, dende un primeiro momento, foi fonte continua de tensións e de discrepancias cos servizos xurídicos desta Administración e que constituía caso único en España, logo do cal o Tribunal Constitucional lle negase á lei de caza de Extremadura, tal privilexio administrativo aos seus axentes privados de caza. A vixilancia queda pois constituída nesta lei como de carácter voluntario, os seus axentes non teñen a condición de axentes da autoridade e para acceder á condición de garda de caza requirirase superar un exame que, para tal efecto estableza a Xunta de Galicia, e ser contratado na devandita condición polo titular do espazo cinexético. A razón que xustifica este cambio é de índole varia, por un lado, os titulares dos tecores poderán decidir en razón das súas propias necesidades, o modo en que organizarán a vixilancia do seu espazo cinexético, por outro lado, corríxese unha anomalía xurídica, cual era a de entregar o privilexio de presunción de veracidade, reservado aos funcionarios públicos que prestan labores de vixilancia, a particulares non ligados por vínculos nin orgánicos nin funcionais coa Administración Pública e por último, trátase de homogenizar a situación da gardaría privada co resto das Autonomías españolas.

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
http://mediorural.xunta.es

## Título V. Das entidades colaboradoras e dos órganos consultivos

Defínense ás entidades colaboradoras e aos órganos consultivos na mesma liña seguida pola lei actual, no que concirne aos Comités Provinciais e ao Comité Galego de Caza.

## Título VI. Réxime Sancionador

O réxime punitivo, recolle non só novas e importantes achegas en materia procesual senón tamén en materia substantiva sancionadoras (5).

Regula detidamente canto afecta ás medidas provisionais e as súas garantías procesuais, os comisos e a retirada e devolución das armas, pero sobre todo, incorpora un amplo catálogo de infraccións, que tipifican como tales algunhas condutas que aparecían como simples prohibicións na actual lei (6). Elimínanse algunhas condutas infractoras, agréganse outras e modifícase a valoración da súa gravidade noutros casos. Do mesmo modo, no apartado de sancións aparecen novas sancións, actualízanse as súas contías e modifícanse a gravidade doutras.

Amplíanse considerablemente as circunstancias modificativas da responsabilidade, (7) inclúese un novo apartado relativo á reparación do dano causado e mellórase o tratamento xurídico de canto afecta á regulación do expediente sancionador e á súa caducidade.

(5) Procesalmente regúlanse pormenorizadamente as medidas provisionais e se ampla a regulación do comiso, establécense como novidade, as regras de caducidade do procedemento e se regulan os medios de execución forzosa. En materia substantiva producíronse moitos cambios na cualificación das infraccións, nuns casos, modificándose a súa gravidade (ej. 57.3 ° da lei vixente, que de leve a grave na nova lei), noutros casos, se fan desaparecer da lei por non se estimar materia de caza (57.8 ° da lei vixente) e noutros, aparecen varias novas (77.4 °, 77.13 °, 77,20°). No apartado de sancións, establécense, por cada tipo punitivo tres graos, amplíase o catálogo destas, engádense novos criterios a considerar para valorar a graduación das sancións e corríxese un criterio erróneo da lei vixente neste campo e introdúcese a posibilidade da redución da sanción, en determinadas circunstancias. Incorpórase un novo capítulo referido á reparación do dano.

(6) Muchas das prohibicións establecidas no artigo 34 da actual lei de caza non teñan a súa correspondencia no apartado de infraccións. Por exemplo: Cazar en tempo e lugares que como consecuencia de incendios, epizootias, envelenamentos, inundacións, secas ou outras causas os animais se ven privados dos seus hábitats e das súas facultades normais de defensa e son obrigados a concentrarse en determinados lugares. Cazar en días de neve, etc.

(7) art.° 82.....g) La natureza e irreversibilidade dos prexuízos causados
h. O prazo de recuperación do hábitat danado
i. A agrupación ou organización para cometer a infracción
j. A afectación de zonas de cría ou de reproducción
k) O recoñecemento e a emenda das infraccións ou a restauración do dano causado antes de que se resolva o correspondente expediente sancionador.

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
http://mediorural.xunta.es

No listado de infraccións aparecen novas figuras infractoras, modifícase a redacción doutras, atribúeselles unha gravidade diferente ou fáiselles desaparecer.

Novas figuras infractoras:

Art.° 77. **Infraccións leves**

1. Cazar sendo menor de dezaseis anos.
2. Non abrir ou descargar a arma cando se aproxime ao cazador persoas ou grupos de persoas allea á cazaría, así como o os momentos de descanso ou reunión entre os cazadores.
3. Cazar sen renovar a licenza no prazo legalmente previsto.
4. Abater ou intentar abater unha peza que fose levantada e sexa perseguida por outro ou outros cazadores e os seus cáns, en tanto dure a persecución.
5. Non impedir que os cans propios vaguen sen control por terreos cinexéticos evitando que danen, molesten ou persigan ás pezas de caza, as crías ou os seus niños en calquera época do ano.
6. Incumprir o establecido no artigo 6°. 2 desta lei sobre cobramento de pezas en terreo de titularidade allea.
7. Calquera práctica que tenda a atraer ou espantar a caza en terreos alleos ou zonas protexidas.
8. Incumprir o establecido no artigo 6°. 3 desta lei sobre cobramento de pezas en terreo cercado de titularidade allea ou cando a peza non fose visible sen contar coa autorización precisa.
9. Non cumprir as normas sobre caza en camiños e augas públicas que atravesen ou linden con terreos cinexéticos.
10. Entrar con armas cargadas ou cans soltos ou sen control en terreos abertos sometidos a réxime cinexético especial, para cobrar unha peza de caza menor ferida fóra del, sempre que se encontre en lugar visible dende o linde.
11. Incumprir por parte do titular cinexético a obriga de dar conta no prazo previsto do resultado das cazarías así como da información prevista no artigo 22°. 3 desta lei.
12. Incumprir as condicións que se fixen nas autorizacións para celebrar batidas ou incumprir as indicacións do Xefe de Cuadrilla naqueles aspectos que non afecten directamente á seguridade das persoas.
13. Participar como cazador, ollador, batedor ou secretario en cazarías nas modalidades de ollo, batida ou montaría sen levar pezas de alta visibilidade que permitan ou favorezan a mellor visualización do cazador.
14. Calquera práctica que se desenvolva en terreos propios que teña por obxecto espantar ás pezas de caza co obxecto de obstaculizar o normal desenvolvemento da cazaría.
15. Portar armas ou calquera outro medio de caza, polos auxiliares de caza, salvo os secretarios que deberán transportalas enfundadas e os batedores nas montarías aos cales se autoriza o uso de armas brancas para o remate das pezas de caza.
16. Abandonar os cartuchos baleiros, vaíñas, así como calquera outro residuo usado nas prácticas cinexéticas.
17. O incumprimento das obrigas do cazador recollidas no artigo 22° desta lei.

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
http://mediorural.xunta.es

18. Incumprir as condicións dunha autorización de caza científica ou de control dunha especie.
19. O incumprimento das obrigas reguladas nesta lei que afecten aos titulares cinexéticos que non estean expresamente como outro tipo de infracción.
20. Cercar con mallas que non permitan o libre tránsito das especies cinexéticas de caza maior, agás cando se utilicen en zonas de aclimatación e nos biótopos artificiais.
21. Cazar nos chamados días de fortuna, é dicir, naqueles nos que, como consecuencia de incendios, nevadas, epizootias, inundacións, secas ou outras causas, as pezas de caza se ven privadas das súas facultades normais de defensa ou obrigados a concentrarse en determinados lugares.
22. Portar en calquera medio de transporte armas descargadas e desenfundadas ou calquera outro medio de caza listo para o seu uso en día hábil de caza.
23. A vulneración das prohibicións ou o incumprimentos de obrigas previstas nesta lei e que non estivesen tipificadas como infraccións nesta lei.
24. Incumprir os cazadores as limitacións contidas no Plan de Aproveitamento Cinexético oficialmente aprobado ou no Plan de Ordenación cinexética, salvo que estivese tipificado como infracción específica de maior gravidade na presente Lei

**Art.º 78. Infraccións graves**

1. Cazar as crías ou as femias seguidas de crías así como os machos sen cuerna, salvo autorización expresa.
2. Cazar sen obter a licenza anteriormente, non sendo titular de licenza no último ano ou estando inhabilitado para iso.
3. Utilizar como reclamo, animais vivos, mutilados, mortos ou naturalizados, así como todo tipo de reclamos eléctricos incluídas as gravacións, sen autorización expresa ou en contra das disposicións establecidas nesta.
4. Non sinalizar debidamente os terreos cinexéticos sometidos a réxime cinexético especial e, en concreto, as zonas de caza permanente. Explotar comercialmente a caza sen autorización ou incumprir as condicións fixadas nesta.
5. Negarse á inspección polos axentes da autoridade de bornais, cestos, sacos, armas ou outros aparatos ou medios, cando sexan requiridos para iso.
6. Negarse á exhibición de documentación os axentes da autoridade cando esta sexa solicitada.
7. Cazar ou estar en posesión de pezas de caza vivas ou mortas con infracción da normativa de caza.
8. Circular con armas de caza, usalas ou disparar en dirección ás zonas de seguridade, salvo que se dispoña de autorización para iso. Incumprir por parte do titular cinexético o establecido nos Plans de ordenación e de aproveitamento cinexéticos, unha vez aprobados estes polos órganos competentes.
9. O exercicio da caza en terreos sometidos a un réxime cinexético especial cando o infractor non estea en posesión do correspondente permiso para exercitar a caza nestes.
10. Non poñer en coñecemento da autoridade administrativa competente os titulares ou xestores de terreos sometidos a un réxime cinexético especial as epizootias ou envelenamentos que coñeza e afecten á fauna existente nestes, ou incumprir as medidas que se diten para a súa prevención ou erradicación.

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
http://mediorural.xunta.es

11. Cazar en liña de retranca en caza maior facendo uso de armas de fogo.
12. Cazar con armas automáticas ou con armas semiautomáticas provistas de cargador que poida conter máis de dous cartuchos.
13. Transportar en calquera medio de transporte armas descargadas e desenfundadas ou calquera outro medio de caza listo para o seu uso en día inhábil de caza.
14. Cazar sen ter contratado o seguro obrigatorio do cazador
15. Cazar aproveitándose de maquinaria agrícola ou forestal.
16. No exercicio da caza menor, usar ou portar munición de bala, salvo autorización expresa.
17. No exercicio da caza maior, usar ou portar cartuchos con munición de perdigón.
17. No exercicio da caza maior, usar ou portar cartuchos con munición de perdigón.
18. Usar ou portar perdigóns de chumbo nas zonas húmidas incluídas na Lista do Convenio de Ramsar relativo a brañas de importancia internacional.
19. Incumprir as condicións que se fixen nas autorizacións para celebrar batidas ou incumprir as indicacións do responsable da cazaría naqueles aspectos que afecten directamente á seguridade das persoas. Enténdese en calquera caso que a contravención do disposto no art.º 56 da presente Lei afecta directamente á seguridade das persoas.
20. Transportar en calquera medio de transporte armas cargadas e desenfundadas, en día hábil.
21. Usar ou portar por terreos cinexéticos armas accionadas por aire e outros gases comprimidos.
22. Cazar o persoal de vixilancia ou gardaría durante o exercicio das súas funcións.
23. Impedir á autoridade ou aos seus axentes o acceso a terreos suxeitos a réxime cinexético especial.
24. O incumprimento por parte do titular cinexético as condicións establecidas nas resolucións de declaración de TECOR, terreo cinexético-deportivo ou explotación comercial.
25. Cazar con furóns sen autorización, así como vulnerar as condicións de autorización outorgada para a utilización destes animais.
26. Non se someter durante o exercicio da caza ás probas para a comprobación da influencia estupefacientes, alcohol, substancias psicotrópicas ou calquera outra droga, cando estas sexan requiridas polos membros dos corpos e seguridade do Estado.
27. Negarse á entrega da arma ou outros medios de caza cando o presunto infractor fose requirido para iso por un axente da autoridade.

**Art.º 79 Infraccións moi graves**

1. Introducir exemplares de fauna silvestre alóctona ou manipulada xeneticamente sen autorización.
2. Usar con fins de cazar en terreos cinexéticos gases, substancias velenosas, tranquilizantes, atraentes ou repelentes, ou produtos para crear olor e os explosivos.
3. Cazar servíndose do lume.
4. Agredir ou ameazar cos axentes da autoridade cando se encontren no exercicio das súas funcións. Levar en calquera medio de transporte armas cargadas e desenfundadas en día, período, lugar ou circunstancias prohibidas. Instalar cercados electrificados con fins cinexéticos. Usar en terreos cinexéticos sen autorización ou identificación lazos,

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
http://mediorural.xunta.es

anzois, trampas, cepos, costelas, perchas, fosos, nasas ou beirados, arbolillo, varetas, rametas, barracas ou paranys, e outro tipo de trampas non selectivas nas súas condicións de emprego.
5. Usar ou portar en terreos cinexéticos sen autorización artefactos que requiran para o seu uso o funcionamento de mallas, redes abatibles, redes néboa ou verticais ou redes canón.
6. Usar ou portar en terreos cinexéticos sen autorización calquera tipo de bala, cartucho ou proxectil que fose manipulado ou balas explosivas.
7. Abater animais domésticos, sen a debida autorización.
8. Obstruír os labores de investigación do paradoiro de pezas de caza ilegalmente cobradas.
9. Cazar especies con aparatos electrocutantes ou paralizantes capaces de matar ou atordar.
10. Cazar con armas ou outras artes autorizadas en terreo cercado, ou con prohibición permanente de cazar, non acollido a outro réxime cinexético especial, cando existan nos seus accesos sinais ou carteis que prohiban a caza no seu interior.
11. Carecer as explotacións cinexéticas comerciais do correspondente seguro de responsabilidade civil.
12. Usar ou portar por terreos cinexéticos armas de fogo curtas, armas de guerra, armas de fogo longo raiadas de calibre 5,6 mm. (22 americano) de percusión anular ou armas con munición non autorizada ou prohibida cuxo uso non este contemplado como infracción especifica nesta lei.

13. Usar ou portar os dispositivos auxiliares que se relacionan no artigo 61.

Infraccións ás que se modifica a súa gravidade

Artigos da lei 4/97

**Pasan de leves a graves:**

1. Afastarse máis de 50 metros e non vixiar eficazmente as actividades cinexéticas do menor que utilice armas de fogo o cazador maior de idade encargado desa vixilancia.
2. Portar en terreos cinexéticos, gases, substancias velenosas, aparatos electrocutantes substancias paralizantes, tranquilizantes, atraentes ou repelentes, produtos para crear rastros de olor ou explosivos.
3. Portar en terreos cinexéticos sen autorización ou identificación lazos, anzois, trampas, cepos, costelas, perchas, fosos, nasas ou beirados, arbolillo, varetas, rametas, barracas ou paranys, e outro tipo de trampas non selectivas nas súas condicións de emprego.
4. Usar postas, entendendo por tales aqueles proxectís múltiples cuxo peso sexa igual ou superior a dous gramos e medio ou cuxo diámetro sexa igual ou superior a catro milímetros e medio.

**Pasan de graves a moi graves:**

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
http://mediorural.xunta.es

1. Obstruír os labores de investigación do paradoiro de pezas de caza ilegalmente cobradas.
2. Usar ou portar en terreos cinexéticos sen autorización artefactos que requiran para o seu uso o funcionamento de mallas, redes abatibles, redes néboa ou verticais ou redes canón.

**Pasan de moi graves a graves:**

1. Cazar baixo a influencia de estupefacientes, alcohol, substancias psicotrópicas ou calquera outra droga que poida alterar ou altere sensiblemente as facultades normais do cazador ou a súa capacidade de reacción.

**Infraccións da lei 4/97 que se fan desaparecer**

Art.º 57. **Infraccións leves**

1. Cazar pombas mensaxeiras, deportivas ou buchonas que ostente as marcas establecidas para o efecto.
2. Incumprir as normas que se establezan sobre a actividade cinexética en relación con determinados terreos por razón de cultivos ou repoboacións forestais. Incumprir o que se estableza regulamentariamente sobre a caza de aves migratorias.
3. Contravir as disposicións sobre a caza de aves acuáticas dende postos fixos e sobre cans de persecución ou cetraría.
4. Solicitar a licenza de caza estando inhabilitado para obtela por resolución firme, en tanto dure a inhabilitación ou estea pendente de pagamento algunha sanción firme.
5. Non exercer a debida vixilancia sobre os cans pastores de gando para evitar que causen prexuízos ou molestias ás pezas de caza.
6. Anelar ou marcar pezas de caza sen a debida autorización, ou non remitir á Administración as argolas ou marcas oficiais que posúan as pezas abatidas.
7. Establecer pombais agroindustriales sen autorización.
8. Transportar caza morta sen cumprir as disposicións que a regulamenten ou non cumprir cos requisitos que, para o efecto, se establezan.
9. Estar en posesión, en épocas de veda, de pezas de caza menor mortas cuxa procedencia non poida xustificarse suficientemente.

**Art.º 58. Infraccións graves**

1. Falsear os datos na solicitude da licenza de caza.
2. Cazar utilizando algún dos procedementos ou instrumentos relacionados nos números 25 e 26 do artigo anterior, así como calquera outro medio masivo ou non selectivo.
3. Aproveitar de xeito abusiva e desordenada as especies naturais existentes en terreos suxeitos a réxime cinexético especial ou incumprir os plans de ordenación e aproveitamento aprobados. A sanción poderá levar aparellada a suspensión ou revogación do devandito réxime especial.

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
http://mediorural.xunta.es

4. Incumprir os titulares de terreos suxeitos a réxime especial cualquiera das condicións impostas na autorización. A sanción pode levar aparellada a súa anulación.
5. Comercializar, introducir, soltar ou transportar exemplares de caza vivos ou mortos ou ovos de especies cinexéticas incumprindo os requisitos previstos na normativa vixente.
6. Celebrar montarías, batidas e ojeos sen a oportuna autorización.
7. Arrendar ou ceder a título oneroso ou gratuíto as autorizacións para o aproveitamento cinexético de terreos sometidos a réxime cinexético especial. A sanción levará aparellada a anulación da autorización.
8. Infrinxir as normas específicas da orde xeral de vedas e demais disposicións concordantes respecto ao exercicio da caza en terreos cinexéticos.
9. Posuír pezas de caza maior, viva ou morta, cuxa procedencia non poida acreditarse debidamente.
10. Destruír viveiros, zonas de cría ou espazos de reunión habitual das especies da fauna silvestre, tanto cinexética coma non cinexética.
11. Cazar fóra do período comprendido entre unha hora antes da saída do sol e unha hora despois do seu ocaso, salvo autorización expresa.
12. Entrar con armas ou outras artes autorizadas en terreo cercado, ou con prohibición permanente de cazar, non acollido a outro réxime cinexético especial, cando existan nos seus accesos sinais ou carteis que prohiban a caza no seu interior.
13. Cazar cando por circunstancias meteorolóxicas ou calquera outra circunstancia estea reducida a visibilidade, de forma que poidan producirse perigos para as persoas ou os seus bens

**Art.59. Infraccións moi graves**

1. Falsear intencionadamente os datos para a obtención de autorizacións e concesións ou para a inscrición nos rexistros correspondentes.
2. Envelenar terreos cando poida ocasionar danos ás persoas, animais domésticos ou fauna silvestre.
3. Destruír os niñeiros ou áreas de cría das especies cinexéticas.

Santiago de Compostela a 12 de decembro de 2011

O DIRECTOR XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA

Ricardo García Barregón Millán